

Esta xornada, organizada pola eurodeputada galega Lidia Senra, en colaboración coa asociación Arnau, de acceso aberto e gratuito a todas as persoas interesadas sen necesidade de inscrición previa, pretende achegar a situación da Vía Nova a toda a sociedade, reflexionar sobre o abandono no que se atopa o patrimonio cultural europeo e o rural e ser un punto de encontro entre todas as persoas que traballan porque esta realidade mude.

XORNADA A VÍA NOVA: UN CAMIÑO DE EUROPA



XORNADA

A VÍA NOVA: UN CAMIÑO DE EUROPA

SÁBADO, 29 DE ABRIL DO 2017

SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO DE BANDE

(BANDE, OURENSE)

SÁBADO, 29 DE ABRIL DO 2017

SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO DE BANDE

(BANDE, OURENSE)

Esquerda Unitaria Europea • Esquerda Verde Nórdica

EUROPEAN PARLIAMENTARY GROUP



GUE/NGL
www.guengl.eu

WWW.AGEUROPA.GAL

Lidia Senra,
Deputada no Parlamento Europeo



Esquerda Unitaria Europea • Esquerda Verde Nórdica

EUROPEAN PARLIAMENTARY GROUP



GUE/NGL
www.guengl.eu

WWW.AGEUROPA.GAL

Lidia Senra,
Deputada no Parlamento Europeo



9:30h. **Recepción dos e das participantes.**

10:00h. **Apertura da xornada por Lidia Senra Rodríguez**, Deputada Galega no Parlamento Europeo, membro do Grupo Parlamentario da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL).

10:15h. **"Que é a Vía Nova e cal é o seu legado como patrimonio cultural europeo".**

Santiago Ferrer Sierra. Arqueólogo de Valdeorras, pertencente ao Grupo Arqueolóxico Larouco.

Manuel García Valdeiras. Arqueólogo profesional da Limia.

Manuel Rivero Pérez. Antropólogo e voluntario social.

Introdución e moderación: **Davide Pérez López**. Arqueólogo e vogal de Cultura da Asociación Arnau.

11:15h. **Debate**

11:45h. **Descanso**

12:00h. **"Na procura dun futuro viable para a Vía Nova. Experiencias desde o asociacionismo e o ámbito empresarial".**

Marta Delgado González. Responsable de Mira Xurés.

Toño Monteiro. Escultor e membro da Asociación Medioambiental Xuresianos Geresianos, AXUGE.

Xavier Perdiñ. Presidente da Asociación de Montaña Arnau.

Outras asociacións pendentes de confirmar.

Introdución e moderación: **Davide Rodríguez**. Deputado ourensán no Parlamento Galego e ex alcalde de Manzaneda.

13:00h. **Debate**

13:30h. **Parada para xantar e traslado en bus a Lobios para facer un percorrido a pé por unha parte da Vía Nova.**

16:00h. **Inicio do percorrido a pé pola Vía Nova.**

Punto de quedada de partida: Miliarios Romanos da Ponte Nova, na serra do Xurés. O traxecto a pé comprenderá ao redor de 3 quilómetros, con diferentes paradas explicativas ao longo do camiño.

19:00h. **Remate da xornada e regreso a Bande no bus.**

O obxectivo desta xornada é visibilizar a situación de abandono na que se atopa a Vía Nova por parte das Administracións. A quen lle interesa esta preocupante situación que está directamente ligada co abandono do rural?. Estamos a falar dun camiño primitivo de enorme valor patrimonial e cultural que debería ser coidado e apreciado e conecido xa non só na Galiza, senón en toda Europa.



Diferentes asociacións ao longo de todos os lugares polos que pasa a Vía, desde Portugal, até a Baixa Limia e o Bierzo, levan tempo traballando a favor da promoción deste camiño e da súa recuperación. No horizonte inmediato está reclamar que a Vía Nova sexa declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Para iso, cómpre unha maior visibilización, protección e recuperación.